

Cincuenta e dous candidatos disputaranse as vogalías do Pleno da Cámara

Ferrol. 18/03/2010. Cincuenta e dous candidatos concorren ás eleccións para a renovación do pleno da Cámara de Comercio de Ferrol que se celebrarán o próximo 22 de abril.

A xunta electoral reuniuse esta mañá na sede da entidade para proceder á proclamación das empresas que optan a obter a representación nos diferentes grupos electorais. Nesta convocatoria, a diferenza doutras anteriores, haberá votacións na totalidade dos grupos e categorías para elixir 25 vogais.

No grupo primeiro, correspondente a actividades relacionadas coa produción de enerxía e industrias extractivas, preséntanse como candidatos Juan Ramón López Prieto e Unión Fenosa Generación S.A.

Polo grupo segundo, de industrias metálicas e mecánicas, concorren Aluminios Iglesias S.L. e Electro Rayma S.L. e polo terceiro, que corresponde a industrias alimentarias, optan a conseguir a representación La Nueva de Neda S.L. y Modesto Carrodegas, S.L.

As empresas do sector da madeira e derivados votarán no grupo cuarto para elixir entre Industrias Cándido Hermida, S.L. e Noa Madera Creativa, S.L. mentres que o resto de actividades industriais (técnico, química, artes gráficas, etc.) farano no grupo quinto polo que se presentan Impregnaciones Melamínicas Galegas S.A. e Imprenta Gonmar, S.L.

Cada un dos cinco grupos mencionados elixe un vocal en categoría única.

As empresas de construción votarán no grupo sexto no que están establecidas tres categorías a cada unha das cales correspóndelle un vocal. Na categoría primeira concorren ás eleccións Bardera Obras Civiles y Marítimas, S.L. e Caolines Cerámicos, S.L., mentres que na segunda farano Electro-Montajes Cruz, S.L. e Moncina S.L. e na terceira Camilo e Anfer, S.L. e Juma Calor, S.L.

Os candidatos do grupo sétimo, que concentra basicamente ao comercio por xunto son Comercial Xoivan, S.L. e Ron Curiel, S.L., na categoría primeira, para disputarse unha vogalía e Almacenes Docarr, S.L., Electrón CCTV Industrial, S.L., Neira y Ortegal, S.L. e Talleres Casiano, S.L. que pugarán, na segunda, por dous postos no pleno da entidade.



O sector do comercio polo miúdo de alimentación (grupo 8º) elixe dous representantes en senllas categorías. Na primeira, optan a conseguir representación Carlos Díaz y Cía, S.A. e Emilio Andrés Gómez Pérez, mentres que na segunda se presentan Rogelio Brage Novo, Fernando Fernández Barreiro e M^a del Pilar Montes Vázquez.

Polo grupo noveno, que representa ao comercio polo miúdo de téxtil, calzado, fogar, automóbil e construción, optan a unha vogalía, en categoría primeira, Autogándara, S.L. e Centros Ferrol, S.L. e a outra, en categoría segunda, Aproina, S.L. e Ramón Cobelo, S.L.

Tamén celebrará eleccións, nas dúas categorías establecidas, o grupo décimo, que inclúe comercio polo miúdo de medicamentos, outro comercio polo miúdo e reparacións. Pola primeira, os candidatos son Fernando Guerreiro González e Mantenimiento y Servicios Tecman, S.L. Pola segunda, para dúas vogalías, os candidatos son cinco: Rogelio Brage Novo, González y Ferreiro, S.L., Motor 6, S.L., Rivera G. Montero, Soc. Coop. Lda. e Timora S.A.

Para ocupar as dúas representacións no pleno que lle corresponden ao sector de hostalería (grupo 11º), formalizaron as súas candidaturas Bouza Rivas S.C., Casa Pendás, S.L., Antonio Cendán Guizán e Montplá Narón, S.L.

Por outra banda, para representar ás empresas que se dedican a actividades de transporte (grupo 12º), figuran como candidatos a unha vogalía Francisco Anido Pacheco e Transportes Canosa e Hijos, S.L.

Rilo Maquinaria, S.L. e Sermanglo, S.L. optan a un posto no pleno polo grupo décimo terceiro (institucións financeiras, seguros e alugueres) en primeira categoría. Para determinar quen será o representante da categoría segunda, as eleccións se dilucidarán entre Joaquín Santaclara S.L. e Orosa Castro S.C.

Finalmente, noutros servizos e actividades profesionais (grupo 14º), Tuimil Electricidad S.A. e Tuimil S.L. dispútanse o representante que lles corresponde aos electores incluídos na categoría primeira e Cántame Produccións S.L. e José Manuel Gómez Ruiz fano na segunda.

En canto ás candidaturas das organizacións empresariais, a xunta electoral resolveu admitir tanto a lista presentada pola Confederación de Empresarios de Galicia como a proposta pola Confederación de Empresarios de Ferrol, Eume e Ortegal.

